

## CURSOS DE VERÁN 2010

### Bolsas

A comunidade universitaria disporá de 50 bolsas de asistencia gratuita para o estudiantado da Universidade da Coruña e un máximo de 10 bolsas para cada sector do PDI e do PAS e para un só curso. No caso de non se cubriren poderán redistribuírse

### Matrícula

Oficina de Cursos, Casa do Lagar, campus de Elviña, teléf. 981 167 000 ext. 1963

[occocc@udc.es](mailto:occocc@udc.es)

<http://www.udc.es/occ>

de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

### Información de cursos

#### 3º CURSO DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA NA SOCIEDADE. ESCÉNICA DA COMUNICACIÓN [código 760210]

28-29 de xuño

Sala de prensa. Reitoría.

A Maestranza. A Coruña

1 crédito de libre elección [15h]

Este curso vén amosar un aspecto máis do que ten que ser a comunicación, considerando aspectos non tratados nas anteriores edicións, como a reflexión e consecución de habilidades para ser un orador eficaz. O obxectivo deste curso, ademais de ofrecer información sobre a situación actual da divulgación científica nos medios xeralistas de comunicación, pretende dotar aos asistentes de ferramentas prácticas que potencien a intencionalidade do comunicador. Deste xeito, ofreceranse recursos para a correcta exposición oral, linguaxe verbal e non verbal, imaxe corporal, prevención de problemas coa voz, control do medo á exposición, actitudes fronte a preguntas inesperadas. Os alumnos farán prácticas ante cámara que se someterán a unha análise posterior.

dirección

María Ares Sanmartín

Gabinete de Comunicación

secretaría

Alberto Lagarda Cerviño

prezo

comunidade UDC 15 €, xeral 20 €

matrícula

1-23 xuño

información

maria.ares@udc.es

Tel. 981 167 000 ext. 1047

**DESEÑO MECÁNICO 3D MEDIANTE SÓFTWARE SOLID EDGE**  
**[código 760310]**

28 xuño-2 xullo  
Escola Universitaria Politécnica. Serantes. Ferrol

1 crédito de libre elección [20h]

O obxectivo do curso é dar aos usuarios unha visión básica sobre os diferentes módulos que compoñen o programa, así como a metodoloxía necesaria para realizar un uso produtivo da ferramenta. Ao finalizar o curso o alumnado será capaz de crear modelos de pezas sólidas, planos técnicos en detalle e deseños de conxuntos de pezas.

dirección  
Manuel V. Fernández Quintás

Departamento de Enxeñaría Industrial. EU Politécnica

secretaría  
Juan de Dios Rodríguez García  
prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

matrícula  
1-23 xuño

información  
jdedios@cdf.udc.es  
Tel. 981 337 400 ext. 3002

**OBRADOIRO CAMPUS**  
**[código 760710]**

28 xuño-1 xullo  
Escola Técnica Superior de Arquitectura. A Zapateira. A Coruña

2 créditos de libre elección [30h]

A adaptación das universidades galegas ao Espazo Europeo de Educación Superior para a construción da Universidade Europea do século XXI, obriga á modificación profunda das titulacións, das programacións e currículos das diferentes materias e polo tanto ten unha influencia directa tanto na definición dos espazos, das relacións e terá o seu reflexo nunha distinta concepción do espazo urbano en que se insiren as actividades universitarias. Polo que se considera importante e necesario un marco de reflexión multidisciplinar e proxectual para investigar e propoñer un novo modelo. Este obradoiro daría como resultado unha exposición que serviría como marco de discusión sobre o papel da universidade na cidade.

dirección  
Cristina García Fontán

Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo

secretaría  
Henrique Seoane Prado

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

matrícula  
1-24 xuño

información  
cgarciaf@udc.es  
Tel. 981 167 000 ext. 5210

**VI CURSO DE VERÁN. A MULLER NA CIENCIA: HISTORIA DUNHA DESIGUALDADE**  
**[código 760410]**

30 xuño-2 xullo  
Centro Universitario de Riazor (CUR)

2 créditos de libre elección [30h]

O obxectivo fundamental consiste na exposición dos cambios e permanencias máis significativos na situación das mulleres na ciencia ao longo da historia. Estes cambios son analizados dende diversas perspectivas (histórica, lingüística e antropolóxica), sempre combinadas cunha perspectiva de xénero, tendo en conta as relacións de poder entre os xéneros e a evolución destas relacións ao longo da historia e na actualidade.

dirección  
Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño

Oficina para a Igualdade de Xénero

secretaría  
Inés Lareo Martín  
Begoña Crespo García

prezo  
comunidade UDC 10€; xeral 30€

matrícula  
1 xuño-25 xuño

información  
oficina.igualdade@udc.es  
Tel. 981 167 000 ext. 2388

**CURSO SOBRE VIVENDA E ESPAZOS DE RELACIÓN NOS NÚCLEOS TRADICIONAIS DE GALICIA III: CASAS, ALDEAS, PARROQUIAS**  
**[código 761110]**

5-10 xullo  
Apertura e conferencias: Salón de actos do Fogar de Marioses, Rúa Barreira. Allariz. Fundación Vicente Risco, Rúa San Lorenzo. Allariz.  
Área de traballo: Parroquia de Requeixo de Valverde. Santa María. Núcleos de Valverde, Requeixo e Paciños.

2 créditos de libre elección [41h]

O ámbito dos estudos será unha área próxima á Vila de Allariz formada por tres núcleos: Valverde, Requeixo e Paciños unidos por un camiño histórico, próximo ao lugar de Padela, o río Amoia ao seu paso polo Ecoespazo do Rexo (proxecto pioneiro de recuperación de zonas rurais) coa coñecida actuación pictórica e escultórica do artista vasco Ibarrola. A aproximación á zona formúlase desde diferentes disciplinas: a xeografía, a ordenación do territorio, o medio, a socioloxía, a fotografía, a arqueoloxía e a arquitectura.

dirección  
Alfredo Freixedo Alemparte

ETS de Arquitectura

secretaría  
Xosé María Cardesín Díaz

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

matrícula  
1-30 xuño

información  
secretaria@fundacionvicenterisco.com  
Tel. 626 002 019

**CONSTRUCCIÓN DE ESTRUTURAS TUBULARES**  
**[código 760610]**

6-7 xullo  
Escola Universitaria Politécnica. Serantes. Ferrol

1 crédito de libre elección [15h]

Neste curso ensinaráselle ao alumnado os diferentes métodos de deseño e cálculo de estruturas con perfís tubulares de aceiro para a utilización na construción en xeral e en particular nas naves industriais. Farase un repaso da normativa aplicable, unha explicación teórica dos métodos de cálculo, a utilización de software específico de cálculo e exemplos prácticos reais.

dirección  
José Manuel Rebollido Lorenzo

Departamento Construcións Navais. EU Politécnica

secretaría  
Antonio Couce Casanova

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

matrícula  
1 xuño-1 xullo

información  
jose.rebollido@udc.es  
Tel. 981 337 400 ext. 3078  
acouce@udc.es  
Tel. 981 337 400 ext. 3098

**O CINEMA CONTEMPORÁNEO A DEBATE: PRINCIPAIS TENDENCIAS DO CINEMA INTERNACIONAL**  
**[código 761210]**

8-9 de xullo  
Salón de actos da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas. Riazor. A Coruña

1 crédito de libre elección [16h]

Análise da situación do audiovisual contemporáneo -cinema e tv- a través do estudo das principais tendencias e correntes da actualidade, a consagración do novos autores do cinema norteamericano e a nova comedia, o cinema europeo entre os herdeiros dos novos cinemas dos anos 60 e os novos autores, o boom do cinema asiático e os seus principais representantes, o ascenso e caída do documental na última década, sen esquecer os cineastas que traballan nos novos formatos e que pasan do cinema ao museo, do vídeo á instalación, e por último, do excepcional momento da ficción televisiva, particularmente en Norteamérica.

dirección  
David Castro de Paz

Aula de Cinema e Imaxe

secretaría  
Pablo Mesejo

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 40€

matrícula  
1 xuño-5 xullo

información  
aulacine@udc.es  
Tel. 981 337 400 ext. 3697

**TENDENCIAS E PERSPECTIVAS DO SECTOR TURISMO NO NOVO CONTEXTO ECONÓMICO-SOCIAL**  
**[código 761010]**

14-15 xullo  
Casa da Cultura "Pintor Llorens" do Concello de Sada

1 crédito de libre elección [16h]

Analizar o sector turismo na súa situación actual co obxectivo de presentar as tendencias máis relevantes e os modelos e estratexias empregadas polas empresas turísticas.

dirección  
M.<sup>a</sup> Teresa García Álvarez  
Rosa M.<sup>a</sup> Mariz Pérez

Departamento de Análise Económica e ADE. Facultade Ciencias Económicas e Empresariais

secretaría  
M.<sup>a</sup> Teresa García Álvarez  
Rosa M.<sup>a</sup> Mariz Pérez

prezo  
comunidade UDC 10€; xeral 25€

matrícula  
1 xuño-9 xullo

información  
mtgarcia@udc.es  
rmariz@udc.es  
Tel. 981 167 000 exts. 2459-2429

**VI CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, TRABALLANDO EN LINGUA**  
**[código 760110]**

14-16 xullo  
Pazo da Cultura, Concello de Carballo

1 crédito de libre elección [25h]

Ofrecemos espazos e elementos de debate con que construír argumentos que mellor nos preparen para defendermos a causa da reivindicación das linguas e do plurilingüismo e, por tanto, a causa do galego

dirección  
Goretti Sanmartín Rei

Servizo de Normalización Lingüística

secretaría  
Xosé Manuel Vidal Barral

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

Preinscrición  
15-30 xuño

matrícula  
1-9 xullo

información  
snl@udc.es  
Tel. 981 167 000 exts.1177-1042-1055

**MIGRACIÓN, XÉNERO E DESENVOLVEMENTO**  
**[código 760810]**

16-17 xullo  
Facultade de Socioloxía. Campus de Elviña. A Coruña

1 crédito de libre elección [16h]

O obxectivo xeral é analizar o efecto dos movementos migratorios no desenvolvemento, tanto do contexto receptor (España), como dos países de orixe da inmigración. Todo isto analizado desde unha perspectiva de xénero e transnacional.

dirección  
Laura Oso Casas  
Natalia Ribas Mateos

Facultade de Socioloxía

secretaría  
María Villares Varela

prezo  
comunidade UDC 15€; xeral 20€

matrícula  
1 xuño-13 xullo

información  
carmengarciamoreda@gmail.com  
Tel. 981 167 000 ext. 4852

**POLÍTICA SOCIAL EUROPEA E INCLUSIÓN SOCIAL (II EDICIÓN): BOAS PRÁCTICAS E SERVIZOS DE CALIDADE**  
**[código 760910]**

19-22 xullo  
Casa da Cultura "Pintor Llorens"  
do Concello de Sada

2 créditos de libre elección [40h]

Trátase de dar un enfoque global e multidisciplinar dos problemas de inclusión, desde a perspectiva das políticas sociais inclusivas que se poden implementar nos diversos niveis: mundial, europeo, nacional, autonómico e local. As achegas faranse desde o ámbito académico e de axentes sociais e a temática versará sobre diferentes aspectos da inclusión (xénero, discapacidade, maiores, inmigrantes, etc.). Seguirase unha metodoloxía expositiva combinada con mesas redondas interactivas e con actividades lúdicas participativas para todas as persoas asistentes, mediante obradoiros de teatro, música e audiovisuais. Por outra banda, realizaranse momentos de convivencia e intercambio de opinións entre os participantes nas visitas programadas a diversos lugares de interese cultural, económico ou turístico da comarca das Mariñas.

dirección  
M.<sup>a</sup> Isabel Novo Corti  
Manoel Baña Castro

Departamento de Análise Económica e ADE / Psicoloxía Evolutiva

secretaría  
María Dolores Sánchez Fernández

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

matrícula  
1 xuño-14 xullo

información  
policasocial.economicas@udc.es  
Tel. 981 167 000 ext. 2592

**13º CURSO DE PENSAMENTO CARLOS GURMÉNDEZ: PENSANDO NA SOCIEDADE DE VALORES O ESTADO DE DEREITO, A ÉTICA PÚBLICA, OS PRINCIPIOS E A MORAL**  
[código 761310]

21-23 xullo  
Convento de San Agostiño.  
Casa da Cultura. Pontedeume

1 crédito de libre elección [20h]

Unha reflexión sobre os comportamentos e a xestión dos asuntos públicos, as culturas e as relixións tantas veces pervertidas. Así mesmo analizar as posibles vías para que a ética pública sexa considerada e recupere a súa relevancia social

dirección  
Xosé María Dobarro Paz  
María Antonia Pérez Rodríguez

Facultade de Filoloxía

secretaría  
Esperanza Piñeiro de San Miguel  
Luis Mera

prezo  
comunidade UDC 10€; xeral 30€

matrícula  
1 xuño-16 xullo

información  
info@clubdeprensadeferrol.com  
Tel. 696 490 048

**IV CURSO TEMÁTICO SOBRE EDUCACIÓN INFANTIL DA MARIÑA: ESPAZOS E TEMPOS NA ESCOLA INFANTIL**  
[código 761610]

3-4 setembro  
IES Dionisio Gamallo Fierros, Concello de Ribadeo. Lugo

1 crédito de libre elección [15h]

O curso pretende proporcionar aos profesionais da educación infantil formación e recursos para a actualización profesional permanente e polivalente, complementar a oferta educativa realizada nos ciclos formativos de grao superior en educación infantil, fomentar a análise e reflexión arredor do desenvolvemento da función docente, a cultura do traballo en equipo, e o intercambio de boas prácticas profesionais, difundir estratexias, metodolóxicas e organizativas, para a intervención e mellora dos procesos de deseño e manexo de espazos e tempos na escola infantil, establecer procedementos de mellora no deseño e manexo de espazos e tempos na escola infantil para logo transferilos á práctica profesional.

dirección  
Xesús Ferreiro Núñez

IES Dionisio Gamallo Fierros

secretaría  
M.<sup>a</sup> Dolores Candedo Gunturiz

prezo  
comunidade UDC 15€; xeral 25€

matrícula  
1 xuño-31 agosto

información  
cim@ribadeo.org  
Tel. 982 120 739  
ies.dionisio.ribadeo@edu.xunta.es  
Tel. 982 128 098

**VIAXES E CONSTRUCCIÓN DO PENSAMENTO: VIAXES E VIAXEIROS NA GALIZA ANTERIOR A 1936**  
[código 761510]

13-16 setembro  
Auditorio Municipal de Ourense, rúa da Canle, 2. Ourense

1 crédito de libre elección [21h]

Neste curso preténdese realizar unha aproximación á análise da importancia que as viaxes, interiores e exteriores, tiveron na formación das elites intelectuais galegas de preguerra; así mesmo, estudarase o papel que as viaxes desempeñaron na construción do discurso identitario elaborado na Galicia do primeiro terzo do século XX.

dirección  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián

Facultade de Filoloxía

secretaría  
Luis Martínez-Risco

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 50€

matrícula  
1 xuño-8 setembro

información  
secretaria@fundacionvicenterisco.com  
Tel. 626 002 019

**I CURSO SOBRE NOVOS FEMINISMOS. A CUESTIÓN DO XÉNERO NO SÉCULO XXI: TEORÍAS E PRÁCTICAS HETERODOXAS**  
[código 761410]

20-23 setembro  
Facultade de Socioloxía

1 crédito de libre elección [15h]

O curso xorde da percepción do interese por producir un momento para a reflexión sobre análise, teorías e prácticas de xénero que se difundiron e consolidaron ao longo dos últimos tres lustros, e que presentan interesantes liñas de reconsideración das formas en que o xénero é entendido durante a denominada "segunda onda" histórica do feminismo, é dicir, ao longo da segunda metade do século XX. Aínda que as devanditas análises e prácticas teñen xa unha evidente relevancia en diversos países do noso ámbito cultural, e en certa medida tamén no contexto galego e español, a súa difusión no noso ámbito académico é mais ben escaso. Por isto, intúese o interese de facer un curso en que se poida facer dialogar estas orientacións teóricas e prácticas. Por todo o dito, o seu obxectivo fundamental é analizar as teorías contemporáneas sobre o xénero, tentando contribuír a superar certo baleiro que se pode apreciar nas tarefas académicas sobre a materia.

dirección  
José Ángel Brandariz García

Facultade de Dereito

secretaría  
Area Hermo Fernández  
Marta Vázquez Pena

prezo  
comunidade UDC 30€; xeral 40€

matrícula  
1 xuño-15 setembro

información  
jabrandariz@yahoo.de  
fermelita@gmail.com  
Tel. 981 167 000 ext. 1604